

Orientacións para as familias

Deixámosvos algunhas recomendacións para que as teñades en conta, na medida das posibilidades de cada un/unha, durante o confinamento:

- Manter unha certa rutina e un certo orde ao longo do confinamento: procurar, durante a semana, levantar os pequenos/as á mesma hora e do mesmo xeito que se facía durante as clases para non perder a rutina (con unha certa flexibilidade).
- Reservar certas horas da mañá para realizar os diferentes traballos propostos ou calquera outro contido de corte máis académico, respectando sempre tempos de descanso e lecer.
- Conversar e explicar abertamente, de xeito adaptado pero realista, a realidade que estamos a vivir, sen ser alarmantes pero tampouco sobre-protectores. É importante que os nenos/as coñezan ben a realidade que os rodea e que comprendan porque se están a producir estas circunstancias excepcionais; tratando así de mitigar medos, suposicións infundadas, desinterese...
- Recordarlles que se trata dunha situación excepcional e procurar que teñan en conta que pronto terán que volver á escola e a súa rutina diaria.
- Aproveitar o confinamento para fortalecer hábitos de seguridade e autonomía: procurar que se vistan, ispan e calcen sos, que desempaquen e destapen as súas merendas e alimentos, control de esfínteres e hixiene de wc autónoma...
- Incidir na educación en valores e nos hábitos sociais básicos: grazas, perdón, por favor, de nada, bos días, ata logo...
- Reforzar hábitos de reciclaxe que estiveron a ser traballados na aula recentemente: saber como separar os residuos, coñecer os materiais que van en cada contedor...
- Controlar as horas de exposición a pantallas e elementos tecnolóxico, así como os seus contidos.
- Procurar, na medida que as posibilidades de confinamento no lo permitan, que os nenos manteñan un certo contacto coa natureza e un certo grado de mobilidade e liberdade de movemento...
- Potenciar a conversa e a estimulación da linguaxe na medida do posible.